



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

José:

[O rei mandoume unha carta]
dentro dun figho maduro
é pa eu beber augha
e ti mexos dun burro.

Julia:

O rei mandoum'unha carta
dentro dunha mazaroca
pás mulleres beber viño
os homes mexo de porca.

José:

Escribireich'unha carta
con tinta dunha cireixa
quero apartarme de ti
o curazón non me deixa.

Julia:

Anda ti cara de merda
fuciños da miña besta
nunca batalla venciche
nin tampouco vences esta.

José:

Cando quero quero moito
cando olvido olvido luegho
cando vexo que m'olvidan
antes que m'olviden degho.

Julia:

Anda ti cara de merda
atrás maio vén San_Juan
andas sempre atrás de min
comendom'o que me dan.

José:

Eu ben sei a quen dixeches
que non me podías ver-e
eso non é que m'importa
per'estimeino saber-e.

Julia:

Teñ'unha herba na horta
que se chama ouropeso
para contestar conmigho
deuche Dios pouco despexo.



José:

Teñ'unha iherba na horta
que lle chaman ciridonia
e pa ti falar comigo
deuche Dios pouca mêmoria.

Julia:

Teñ'unha herba na horta
que lle chaman téloburro
té-no ti por muitos anos
cara d'almallo colludo.

José:

Teñ'unha iherba na ihorta
que lle chaman ouropeso
e eu pa falar contigo
teñocho de menosprecio.

Julia:

Cand'as parras dean landras
i os carballos dean uvas
han de deixar de ser bos
os homes dar barbas rubias.

José:

Cand'o riue corr'arriba
i os carbállor dean uvas
hase de casar Namesio
coa filla de Barbas rubias.

Julia:

Dices que tes que tes
que coño vas a ter
te-la casa caída
e non a podes ergher.

José:

Móitar vóltar dá ia iaugha
iarrodor da amineira
e se non te quixera eue
non había quen te quixera.

Julia:

San Antoniño pequeno
ten unha pipa no monte
p' ás mulleres beban viño
i os homes augha da fonte.

José:

Teñ'unha iherba na ihorta
que lle chaman a labaza
querías casar conmigo
e faltabach'a rapaza.



Julia:

Anduvéchet' alabando
que te querían as mozas,
quen t' ha de querer a ti,
sacho de barre-las pozas.

José:

Puxenm'a contar estrelas
arredor dunha casa,
cando has dei contadas
xa non sabí'o que pasa.

Julia:

Anduvéchet' alabando
que as tiñas a pares,
calabazas e non mozas,
anda, burro, non t' alabes.

José:

Dechem'o bico do queixo
en señal de matrimonio
o queixo funcho comendo
casar contigh'eu non podó.

Julia:

Anda decindo a túa mai
que non me quere de nora
tampouco lle quero o fillo
palo de mala madeira.

José:

Miña mai e má-la túa
eran as dúas dunha terra
á túa chamanll'Anton[ia]
i á miña Cãitana vella.

Julia:

Miña mai a mala túa
van xuntas na romería,
malo demo lev' a tua
qu' a miña xa se volvía.

José:

Túa mai é iunha pobre
e o Fexuncho un caballero
e mando a ti e mái-la túa mai
e mandovos pró inferno.

Julia:

Túa mai é unha pobre
fai o caldo nunha i-ola
o qu'é pobre Dios lle dea
o qu'é rico que se foda.



José:

Túa mai é unha pobre,
e meu pai un caballero,
andan or dous pola feira
e cun refaixo marelo.

Julia:

Túa mai e mais teu pai
os dous metidos nun cazolo
túa mai lovanta a perna
e teu pai met'o pirollo.

(Risas)

José:

Unha vell'a mais un vello
os dous fixeron chanfaina
a vella ergh'ó conto
i o vello tocab'a ghaita.

Julia:

Mariana é pequena
traí o mandil pola lama
xa me canso de decir
ergh'o mandil Mariana.

José:

Unha vez caín nu riu-e
i outra vez caín no mar-e
outra nos teus brazos, nena,
quen te vía levantarme.

Julia:

Ti disme que te queira
i eu non te quero querer,
non vale chiflarll' ó burro
cando non quere beber.